



CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO

Rúa do Porto, nº 1 - Celeiro

27863 Viveiro (Lugo)

**MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE CONCEDE UNHA AXUDA AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO AO PROXECTO “IMPLANTACIÓN DE MELLORAS NA CONSERVACIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS” (GALP1-161) PRESENTADO POLA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO, CON NIF G27008820.**

**FEITOS:**

1. O 31 de xaneiro de 2019 publicouse a Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvimento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvimento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019.

Ao abeiro da disposición indicada, a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO (NIF G27008820) ten concedida unha axuda de 24.495,85 € ao proxecto (GALP1-161) “IMPLANTACIÓN DE MELLORAS NA CONSERVACIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS” (Anualidade 2020) por resolución da conselleira do Mar do 23 de xullo de 2020. Sendo a data límite de execución e xustificación o 31 de decembro de 2020.

2. O 25 de novembro de 2020 a CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO (NIF G27008820), a través do seu representante, presenta unha solicitude de modificación do calendario previsto de execución e xustificación do proxecto, na execución, pois debido a crise do Covid-19 o concesionario non pode subministrar na data acordada o vehículo.

Sen que isto supoña variación ningunha na contía dos conceptos subvencionables.





3. A modificación solicitada implica un reaxuste das anualidades, con novos prazos de execución e xustificación, traspasando unha parte da anualidade do orzamento do 2020, para súa execución en 2021.
4. O GALP A Mariña-Ortegal, examinada a solicitude e documentación presentada, e tendo en conta a normativa vixente, en Xunta Directiva a través de voto por escrito e sen sesión, resuelve o 7 de decembro de 2020 resolve propor a aprobación da proposta de modificación da axuda concedida ao citado proxecto, especificando as partidas a xustificar para cada unha das anualidades, o que implica unha menor execución na anualidade de 2020, na que a axuda concedida pasa a ser de 900,00 €, e a creación dunha nova anualidade no 2021 que ascendería a 23.595,85 €.
5. A proposta é elevada á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para a súa aprobación definitiva

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro propuxo a aprobación da modificación e reaxuste de anualidades solicitada.

#### CONSIDERACIÓN LEGAL:

Revisado o expediente, de conformidade coa proposta do GALP e ao abeiro da seguinte normativa de aplicación:

- Artigo 26 da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras destas axudas recolle a posibilidade de modificación da resolución de concesión de axuda por instancia do interesado sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade ou modificación proposta estea comprendida dentro das bases reguladoras e da convocatoria oportuna.
- b) Que a modificación non cause prexuízos a terceiros
- c) Que os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de ocorreren na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención ou a non selección do proxecto.





*d) Que a modificación non supoña un incremento do importe subvencionado ou da porcentaxe de axuda.*

Así como os preceptos de aplicación que emanan dos seguintes textos normativos:

- Directiva 2008/99/CE, relativa á protección do medio ambiente mediante o Dereito Penal.
- Regulamento (CE) nº 1005/2008, polo que se establece un sistema comunitario para prevenir, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e no regulamentada.
- Regulamento (CE) nº1224/2009 polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da Política Pesqueira Común.
- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº1083/2006, do Consello.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Regulamento (UE) nº508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº2328/2003, (CE), nº. 861/2006, (CE), nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.
- Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables ao presuposto xeral da Unión e polo que se derroga, entre outros, o Regulamento (CE, Euratom) 966/2012.
- Programa Operativo para España do FEMP, aprobado por decisión de ejecución da Comisión de 13.11.2015 C(2015) 8118 final.





- Circular 1/2019 pola que se fixa o contido do documento que establece as condicións das axudas (DECA) ao que se fai referencia no artigo 125.3.c) do Regulamento (UE) nº1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.
- Criterios de selección para a concesión de axudas no marco do Programa Operativo do FEMP aprobados polo Comité de Seguimiento.
- Lei 3/2001, de Pesca Marítima do Estado, modificada pola Lei 33/2014 cuxo Título V regula o réxime de infraccións e sancións no sector pesqueiro.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.
- Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude.
- Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con especial e explícita referencia ao fraude do artigo 20.4.a., e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019.
- Convenios de colaboración asinado entre a Consellería do Mar e o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro.





En virtude de todo o anterior, e vista a proposta do GALP Ría de Vigo - A Guarda, a Consellería do Mar, **RESOLVE** aprobar a modificación da resolución de concesión, con reaxuste de anualidades, solicitada pola CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO (NIF G27008820) para o proxecto (GALP1-161) "IMPLANTACIÓN DE MELLORAS NA CONSERVACIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS", ata o 31 de marzo de 2021; nas condicións que se sinalan:

**I. Requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos:**

Denominación do proxecto	Implantación de melloras nas conservación dos recursos marisqueiros	Código	GALP1-161
Identificación	Programa Operativo Español FEMP 2014ES14MFOP001		
	Prioridade: 4		
	Obxectivo específico: 4.a) e b)  “O fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación de emprego e o apoio á empregabilidade e a mobilidade laboral nas comunidades costeiras e de interior dependentes da pesca e a acuicultura, incluíndo a diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima”.		
	Medida: 4.1.2  Convocatoria da axuda 2020 ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2018		
Organismo Intermedio de Xestión	Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro		
Beneficiario	Confraría de Pescadores de Celeiro	NIF	G27008820
Obxecto	Artigo 63.1 do Regulamento 508/2014:  a) Aumento do valor, creación do emprego, atracción de xóvenes e promoción da innovación en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura;		
Ubicación da operación	Viveiro (Lugo)		
I.T.I. Atlántica (SI/NON)	NON		
Axuda de Estado (SI/NON)	NON		





**II. Plan financeiro:**

<b>Importe total da operación</b>	32.933,32 €		
<b>Importe total subvencionable/ Porcentaxe de cofinanciamento</b>	<b>Importe subvencionable</b> 27.217,62 €	<b>% da Subvención</b> 90%	
<b>Importe privado</b>	2.721,77 €		
<b>Importe da subvención concedida (Público)</b>	<b>TOTAL</b>	<b>85% FEMP</b>	<b>15% Nacional</b>
	24.495,85 €	20.821,47 €	3.674,38 €
<b>Proxecto de cooperación (SI/NON)</b>	NON		

**III. Prazo de execución:**

<b>Proxecto plurianual (SI/NON)</b>	NON	<b>Anualidades: 2020 e 2021</b>
<b>Inicio</b>	11/03/2020	
<b>Prazo de execución e xustificación. Ano 2020</b>	31/12/2020	
<b>Prazo de execución e xustificación. Ano 2021</b>	31/03/2021	
<b>Prazo de execución e xustificación. Ano 2022</b>		
<b>Outros prazos de interese:</b>		

**IV. Conceptos subvencionables:**

**Anualidade 2020:**

Concepto	Importe orzamentado (sen IVE)	Gasto subvencionable (S/SM/N)*	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
1 Vehículo todoterreno para vixilancia	1.000,00	900	900	
<b>Total</b>	<b>1.000,00</b>	<b>900</b>	<b>900</b>	



Anualidade 2021:

Concepto	Importe orzamentado (sen IVE)	Gasto subvencionable (S/SM/N)*	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
1 Vehículo todoterreno para vixilancia	26.217,62	26.217,62	23.595,85	
<b>Total</b>	<b>26.217,62</b>	<b>26.217,62</b>	<b>23.595,85</b>	

\*S: si, SM: si con minoración, N: non

\*\*IVE: GASTO NON SUBVENCIONABLE

Santiago de Compostela,

A conselleira do Mar

P.D. Orde 08.09.2017 (DOG 21-09-2017)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(Asinado dixitalmente)



